



ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL
Centro adscrito á USC
Praza da Inmaculada, 5 - 2º
15704 Santiago de Compostela
Tfno. 981 583586 FAX 981 574607
www.euts.es



M^a Jesús Castro Neo, Secretaria da Escola Universitaria de Traballo Social, centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela

CERTIFICO

Que na reunión da Comisión de Calidade da Escola Universitaria de Traballo Social celebrada o 10 de outubro de 2024, informouse favorablemente o Autoinforme de Seguimento do Grao en Traballo Social correspondente ao curso 2022-2023.

E para que conste ante a Área de Calidade e Mellora de Procedementos das USC asino o presente en Santiago de Compostela a dez de outubro de dous mil vinte e catro.

 *M^a Jesús Castro Neo*

AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Traballo Social

- [Datos da universidade e do título obxecto de seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - [Dimensión 1. A xestión do título](#)
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - [Dimensión 2. Recursos](#)
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - [Dimensión 3. Resultados](#)
 - [Criterio 6. Resultados de aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
 - Accións abertas de axendas anteriores
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [AM-6](#)
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - [AM-1](#)
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - [AM-4](#)
 - [AM-5](#)
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

Grao en Traballo Social

- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - [AM-2](#)
 - [AM-3](#)
- Outros Criterios

- Accións abertas para o curso 2023-2024
 - Criterio 1 – Organización e desenvolvemento
 - [AM-4](#)
 - Criterio 4 – Recursos Humanos
 - [AM-1](#)
 - [AM-3](#)
 - Criterio 7 – Indicadores de satisfacción e rendemento
 - [AM-2](#)

Grao en Traballo Social

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Traballo Social
Mencións/Especialidades	-
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Escola Universitaria de Traballo Social
Centro/s onde se imparte	Escola Universitaria de Traballo Social
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Estudo presencial
Curso de implantación	2010
Data acreditación ex ante (verificación)	18/01/2023
Data renovación acreditación	30/06/2010

Grao en Traballo Social

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Mantívose o número de prazas ofertadas novo ingreso (IN03G) igual que nos cursos académicos anteriores (80 prazas para o Grao e 5 para o Curso Ponte). A partir do curso 2016-2017 incrementábase o número de estudantes matriculados/as de ingreso cubrindo ou excedendo o límite de prazas establecido, destacando que no curso 2022-23 formalízanse 87 matrículas, tres máis que no curso 2021-22.

O número de matriculacións no que respecta a todo o Grao (IN02G), sofre un leve descenso, situándose en 314 matriculacións, fronte as 329 do curso 2021-2022 o que significa un descenso de 15 matrículas desde o curso anterior, pero segue sendo superior ao período 2017 – 2021.

Con respecto ao Curso Ponte, a matrícula media nos últimos seis cursos foi de 3,8 alcanzando un mínimo de dúas persoas nos cursos 2017-18, 2018-2019 e 2020-2021 e 2021-22. No curso 2022-2023 matriculouse unha persoa.

Referente á matrícula de novo ingreso do grao (IN03G), incrementábase no curso 2022-23 ata 83,0, incluíndo as persoas que trasladan o seu expediente, que acceden por validación parcial de estudos estranxeiros ou adaptacións desde plans en extinción.

A matrícula de inicio de estudos no curso 2022-23 (IN04G) é de 83,0 un/unha alumno/a máis que o curso anterior.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Prazas ofertadas IN01G	80.00	80.00	80.00	80.00	80.00	80,00
Matrícula IN02G	264.00	282.00	302.00	311.00	329.00	314,00
Matrícula de novo ingreso IN03G	87.00	89.00	85.00	82.00	84.00	87,00
Matrícula de inicio de estudos IN04G	83.00	86.00	78.00	81.00	82.00	83,00
Variación de matrícula de inicio de estudos IN05G	7.79	3.61	-8.14	2.53	1.23	-

A nota media de acceso por preinscrición (IN06G) acadou unha nota de 8,19 no curso 2022-23 e un 8,36 no 2021-22. Así mesmo, a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación cunha nota igual ou superior a 6 (IN07G) incrementouse dende o curso 2016-17, ata alcanzar o 100% nos cursos 2020-21 e 2021-22. No curso 2022-2023 esta porcentaxe diminúe ata 96,34%

Grao en Traballo Social

Houbo un leve incremento da porcentaxe de estudantes estranxeiros e estranxeiras que se matricularon no curso 2022-23 (IN08G), que ascendeu con respecto ao curso pasado situándose nun 0,64%. Fronte ao 0,61% do curso académico 2021-22. Con respecto a porcentaxe de matrícula de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09G), obsérvase un descenso no curso 2022-23 representando o 0,96% fronte ao 1,52% no curso 2021-22.

No curso 2022-23 houbo un significativo ascenso, con respecto ao curso anterior, en relación ao alumnado preinscrito en 1ª opción matriculado por 1ª vez en Traballo Social (IN10G) dun 10% (situándose nun 67,5%), igual ocorreu no curso académico 2021-22 onde houbo un ascenso dun 6,25% (situándose nun 57,50%) en relación ao curso anterior.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Nota media de acceso por prescripción (5-14) IN06G	6.72	7.35	7.78	8.33	8.36	8.19
Porcentaxe de estudantes que acceden a la titulación con puntuación igual o superior a seis. IN07G	69.51	82.35	93.67	100.00	100.00	96.34
Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%) IN08G	1.14	1.42	0.33	0.96	0.61	0.64
Porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia IN09G	2.27	2.84	1.99	2.25	1.52	0.96
Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre las prazas ofertadas IN10G	67.50	70.00	62.50	51.25	57.50	67.5
Taxa de ocupación (%) IN12G	103.75	107.50	98.75	101.25	102.50	103.75

As campañas de difusión da titulación e o interese pola mesma reflíctese na taxa de ocupación sendo no curso 22-23 de 103.75

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número de prazas para estudantes de novo ingreso na titulación de Traballo social mantense en 80 prazas para o Grao e 5 prazas para o Curso de Adaptación.

O curso académico 2022-23, segundo a aprobación do Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o 9 de marzo de 2022, organizouse en dous períodos académicos e abarcou desde o día 1 de setembro de 2022 ata o 31 de agosto de 2023. Non obstante, para os efectos da defensa de Traballos Fin de Grao (TFG) e Fin de Máster (TFM) e de realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares o curso rematará o 30 de setembro de 2023. O primeiro período para impartición de docencia estenderase entre o días 5 de setembro e 22 de decembro de 2022. O segundo período para impartición de docencia estenderase entre os días 30 de xaneiro e 16 de maio de 2023.

Grao en Traballo Social

As optativas da titulación do Grao de Traballo Social están adecuadas as necesidades e características da realidade social e as demandas actuais do mercado laboral. Na MVT de Traballo Social, a identidade e o ámbito de traballo son importantes e están influenciados por factores sociais, históricos e culturais. A oferta de materias optativas adáptase continuamente para satisfacer as demandas do mercado laboral e os intereses dos e das estudantes. Cada curso ofrécense como mínimo 11 materias optativas, das cales os estudantes deben cursar 5. Desta maneira, asegúrase que a carreira responda ás necesidades cambiantes da sociedade.

No curso obxecto de análise, non se modificou a oferta de optatividade.

A taxa de abandono durante o primeiro curso foi dun 5%, descendendo en 2,58 puntos respecto ao curso anterior, sendo a máis baixa dos últimos seis anos en que se chegaron a acadar valores tres e cinco veces máis altos. A media da taxa de abandono para a área de coñecemento e para a USC triplícase, con respecto á da EUTS.

MEDIAS GRUPOS DE DOCENCIA

Desde o curso 2016-2017 os módulos establecidos para este centro no PDA do Centro son de 30 alumnos por grupo interactivo e 13 por titoría en grupos reducidos. Desde o curso mencionado ata o 2021-2022 a matrícula de novo ingreso é dunha media de 85,6 alumnos cada curso (IN03G). Os grupos de docencia expositiva na USC están establecidos en 80 alumnos/as por módulo, e no grao a media de alumnado matriculado é inferior a esta cifra e considéranse adecuados á actividade formativa levada a cabo.

CURSO	MEDIA ALUMNADO POR GRUPO DE TEORIA (IN31-G)	MEDIA ALUMNADO POR GRUPO DOCENCIA INTERACTIVA (IN32G)
2016-2017	54,19	28,43
2017-2018	57,07	30,06

A partir do curso 2018-2019 modifícase o indicador pasando a diferenciar formación básica e obrigatoria das optativas.

CURSO	MEDIA ALUMNADO MATRICULADO EN MATERIAS DE FB Y OB POR GRUPO TEORÍA EXPOSITIVO (IN55G)	MEDIA ALUMNADO POR GRUPO DOCENCIA INTERACTIVA (IN32G)
2018-2019	75,20	30,94
2019-2020	77,27	31,94
2020-2021	77,27	33,02
2021-2022	78,93	33,77
2022-2023	77,1	37,44

A media de alumnado por grupo de teoría e por grupo de docencia interactiva considéranse adecuados, axustados aos criterios USC xa que permiten alcanzar os obxectivos e competencias establecidos para cada materia.

Tal e como se indicou anteriormente, o Curso de Adaptación ao Grao segue tendo unha baixa taxa de matrícula, por ese motivo reducíranse as prazas ofertadas. A maioría do alumnado matriculado acode con méritos suficientes para validar a maioría das materias que o conforman, cursando maioritariamente só as dúas que non son convalidables, que son Xestión

Grao en Traballo Social

de Organización (1º cuatrimestre) e Traballo de Fin de Grao (2º cuatrimestre).

PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Ao longo do curso 2022-2023, e coa intención de dispoñer, de ser posible, de acordos de mobilidade ERASMUS con Universidades con docencia en fala inglesa, leváronse a cabo as seguintes accións:

ALICE SALOMON HOSCHULE. (Alta Escola Alice Salomon de Berlín). Alemaña.

O 23 de novembro de 2022 envióselle un correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus, tanto en alemán como en inglés, xa que imparten docencia nos dous idiomas.

ARTESIS PLANTIJN HOGESCHOOL ANTWERPEN. (Alta Escola Artesis Plantijn de Amberes). Países Baixos.

O 2 de novembro de 2022 envióselle un correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus. O 22 de novembro recíbese resposta interesándose polas materias que impartimos en inglés. Ao día seguinte respondéuselle que non dispoñemos de docencia en inglés e se poderíamos chegar a un acordo igualmente.

BANGOR UNIVERSITY. (Universidade de Bangor). País de Gales. Gran Bretaña.

O 30 de novembro de 2022 envióselle un correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus. O 9 de decembro responden que non están interesados en máis acordos de intercambio.

EÖTVÖS LORÁND TUDOMÁNYEGYETEM (Universidade Eötvös Loránd). Hungría.

O 9 de novembro de 2022 envióselle un correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus.

KÁROLI GÁSPÁR REFORMÁTUS EGYETEM. (Universidade Reformada Károli Gáspár). Hungría.

O 9 de novembro de 2022 envióselle un correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus. O 11 de novembro recíbese resposta do coordinador comunicando que vai implicar ao Instituto de Traballo Social nas conversas sobre as posibilidades de asinar un acordo. O 14 de novembro respondéuselle adiantando que nos queremos que o noso alumando vai co inglés como idioma de formación e que o seu alumnado poda vir falando castelán.

KENT UNIVERSITY. (Universidade de Kent). Inglaterra. Gran Bretaña.

O 30 de novembro de 2022 envióselle un correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus. Responderon no mesmo día, indicando que non aceptan máis programas de intercambio, e máis como consecuencia do Brexit.

KØBENHAVNS UNIVERSITET. (Universidade de Copenhagen). Dinamarca.

O 2 de novembro de 2022 envióselle un correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus. No propio día responderon que estaban dispostos, advertindo que a súa docencia en inglés estaba limitada a 30 ECTS para cada cuatrimestre (enviaron un arquivo cos contidos desas materias), e solicitando que nós lle remitiramos cales eran as materias que a EUTS impartía nesa lingua.

O día 3 de novembro, respondéuselle que na EUTS non hai docencia en inglés e que se a pesar diso se sería posible que

Grao en Traballo Social

o noso estudando fora ao seu centro con docencia en inglés e o seu viñera ao noso coa docencia en castelán. Non houbo resposta.

LIVERPOOL HOPE UNIVERSITY. (Universidade Liverpool Hope). Inglaterra. Gran Bretaña.

O 30 de novembro de 2022 enviáuselles un correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus.

L-UNIVERSITÀ TA' MALTA. (Universidade de Malta). Malta.

O 16 de novembro de 2022 enviáuselles un correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus.

LUNDS UNIVERSITET. (Universidade De Lund). Suecia.

A través da profesora Paula Frieiro, puxémonos en contacto coa esta universidade sueca, na que ela fixera unha estadía. Ela enviou un correo electrónico o 20 de setembro do 2022. Ao día seguinte recibíuse resposta indicando en na área de Traballo Social non dispoñen de docencia en inglés.

THE _SAINTS CYRIL AND METHODIUS_ UNIVERSITY. (Universidade de Santos Cirilo e Metodio). Macedonia.

O 2 de novembro do 2022 enviáuselles un correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus. O día 7 de novembro recibíuse resposta da coordinadora de Erasmus expresando a súa vontade por chegar a un acordo.

O día 8 de novembro, respondéuselle se sería posible que o noso estudando fora ao seu centro con docencia en inglés e o seu viñera ao noso coa docencia en castelán. Non houbo resposta.

UNIVERSITY OF CENTRAL LANCASHIRE. (Universidade Central de Lancashire). Inglaterra. Gran Bretaña.

O 16 de novembro do 2022 enviáuselles un correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus.

UNIVERSITY OF NICOSIA. (Universidade de Nicosia). Chipre.

O 16 de novembro do 2022 enviáuselles un correo electrónico consultando a súa dispoñibilidade para un intercambio no ámbito do programa Erasmus. O propio 16 de novembro responderon preguntando polas materias que impartimos en inglés. No día seguinte formulóuselle a posibilidade de que o intercambio sexa indo o noso alumnado co inglés e que veña o seu co castelán.

SICUE

No curso 2022-2023 presentáronse 15 solicitudes, e non se lle poido asignar destino a unha delas por non quedar prazas vacantes en ningunha das solicitadas. Das 14 admitidas, 8 presentaron renuncia e das 6 que aceptaron a praza só asinan acordo, e por tanto completan a documentación necesaria para realizar a estancia, 3 alumnas. Os destinos do alumnado seleccionado foron:

- Universidade de Barcelona (todo o curso) – 1 alumno/a
- Universidade Pablo de Olavide de Sevilla (todo o curso) – 2 alumno/as

Grao en Traballo Social

Dentro deste programa no curso 2022-2023 recibíuse a catro alumno/as procedentes das Universidades Pablo Olavide de Sevilla, Huelva, Valladolid y Girona, con estancias durante todo o curso. Unha alumna con acordo académico con outra Facultade cursou neste centro, unha materia durante o 1º cuatrimestre.

En relación ao curso anterior, aumenta o número de persoas solicitantes neste programa, dado que no curso 2021/2022, foi de 12 persoas, pero finalmente o número de participantes reduciuse a 3 persoas.

MOBILIDADE INTERNACIONAL – ERASMUS E CONVENIOS BILATERAIS

ERAMUS

Para o curso 2022-23 presentáronse dos solicitudes unha delas non foi admitida pola USC por non acreditar o idioma. Se lle adxudica destino á persoa admitida na Universidade de Coimbra (todo o curso).

Non se recibiu alumnado neste programa durante o curso 2022-23. Un total de 5 persoas con convenio Erasmus en outras titulacións da USC cursaron materias na EUTS. No primeiro cuatrimestre, 2 alumnas cursaron Socioloxía Xeral e 2 alumnas cursaron Traballo Social, Procesos Migratorios e Diversidade Cultural, e 1 alumna cursou unha materia no 2º cuatrimestre

Convenios bilaterais

Se presentan 2 solicitudes no curso 2022-23, e só 1 é admitida pola USC asignándolle como destino.

- Universidad Autónoma de Chile (1º cuatrimestre)

Recibimos a unha alumna procedente da Universidad de Antioquía – Colombia que cursou 3 materias no 1º cuatrimestre. 2 alumnas deste programa pero con convenio en outros centros, cursaron 1 materia cada unha na EUTS (1 no 1º cuatrimestre e outra no 2º cuatrimestre)

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Para contribuír a unha maior calidade da formación académica contéplanse as seguintes figuras de coordinación:

- Profesor/a Coordinador/a de a Titulación
- Profesor/a Coordinador/a de o Curso
- Profesor/a Coordinador/a de o Practicum
- Profesor/a Coordinadora de TFG
- Profesor/a Coordinador/a de Materia

A coordinación docente leva a cabo a través de reunións dos membros das comisións establecidas no SGIC e que son:

- Comisión de Calidade do Centro
- Comisión de Título
- Comisión Delegada de Xunta de Centro

Grao en Traballo Social

No centro impártese unha única titulación, isto unido á dimensión do corpo docente permite un contacto directo na actividade diaria que complementa e facilita a coordinación formal.

As actividades de coordinación aparecen reflectidas nos Informes que, para cada curso, elabora a Coordinadora de Título. Estes recollen tamén contidos dos informes elaborados polas Coordinadoras tanto de Practicum como de TFG.

A Xunta de Centro, na súa reunión do día 26 de xaneiro de 2023 aproba a proposta de nomeamento de Ana Isabel Souto Gómez como nova coordinadora de Título, e dos programas A Ponte e Tutores, ratificada por nomeamento do reitor de 2 de marzo de 2023 na que se indica que dito nomeamento ten efectos desde o 27 de xaneiro de 2023. Nesta mesma resolución procédese a actualización dos membros da Comisión de Título.

Naquelas materias nas que dúas ou máis docentes comparten docencia, un/a de eles/as asume a coordinación desta para garantir a homoxeneidade no contido, sistema de avaliación e as actividades para realizar. A responsabilidade de coordinación asúmese de forma rotatoria entre os e as docentes dunha mesma materia.

De interese son as reunións da Coordinadora de Título co/as distintos Coordinadores/as de curso durante o proceso de elaboración dos programas do seguinte curso, revisando que se axustan á MVT, e que contemplan os apartados mínimos que a normativa indica.

Os e as Coordinadoras/es de curso teñen entre as súas funcións a coordinación entre o persoal docente e as materias dun mesmo curso, así como a adecuación dos aspectos metodolóxicos cos obxectivos previstos no proxecto formativo.

A labor dos e das titoras tanto de TFG como de practicum é homoxeneizada polas persoas responsables da coordinación de practicum e de TFG.

Os contidos dos TFG e do Manual para o Practicum están unificados nun documento e os seus contidos son revisados anualmente. A Coordinadora de prácticas externas responsabilízase da xestión do Practicum coas institucións colaboradoras, e as distintas titoras académicas establecen contacto telefónico coas e os titoras/es externos, establecido mínimo de dúas chamadas, ao que se suma a reunión de avaliación in situ no servizo en data acordada previamente. Unha coordinación efectiva no Practicum é, entre outros, un dos factores que poden contribuír a obter uns valores altos de satisfacción coas prácticas externas. Referente as prácticas en institucións durante o 2022-23, foron 4 alumnas as que realizaron o practicum no primeiro cuadrimestre. No segundo cuadrimestre foron 67. Segundo a Memoria de actividades do 2023 o alumnado que realizou as prácticas durante o ano 2023 (2º cuadrimestre do curso 22-23 e 1º cuadrimestre do curso 23-24) ascende a 66 servizos, dependentes de 49 institucións/entidades.

Satisfacción alumnado con prácticas externas IN19G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-2023
Media Centro	4.46	4,16	Non constan datos	4,43	Non constan datos	4,79

Non constan datos de satisfacción do alumnado referente as prácticas externas no 2021-22.

Grao en Traballo Social

Satisfacción de titores/as profesionais con prácticas externas IN20G	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Media Centro	4,30	4,21	Non constan datos	4,17	4,58	4,39

Media de satisfacción titores/as académicos/as con programas de prácticas externas IN21G e 2502230_INF.08	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Media Centro	4,91	4,88	Non constan datos	4,86	4,88	4,92

(non hai datos no IN21G dos cursos 21-22 nin 22-23. O dato expresado do curso 21-22 provén do IN21G do informe de seguimento do curso anterior. O dato da media do curso 22-23 extráese do 2502230_INF.08 no que tamén están os datos dos cursos 20-21 e 21-22 que non coinciden co valor indicado no IN21G)

En todos os cursos académicos elaborase a Guía Académica do centro, de acceso libre na web propia, que achega información sobre a estrutura do centro, normativa interna, información sobre a titulación e a organización académica do curso. Este documento, contribúe á coordinación da actividade docente.

A satisfacción das persoas titoras profesionais con prácticas externas é lixeiramente inferior con respecto á media do curso 2021-22 pero continúa sendo un valor por riba da media dos últimos cursos. A media de satisfacción de titores/as académicos/as sitúase este ano 2022-23 en 4,92 un pouco máis alta que o ano anterior.

No curso 2022-23 publicouse a nova normativa sobre a Seguridade Social que afecta ao alumando universitario que realiza prácticas externas. No mes de maio de 2023, co inicio dos contactos cos centros para a organización das prácticas do curso 23-24 solicitando a oferta de prazas de prácticas ás entidades colaboradoras, atopouse coa reticencia de moitas entidades para ofertar prazas de prácticas mentres non estivese claro o proceso e prazos do desenvolvemento desta nova normativa. Ante este problema, o 12 de xuño de 2023, o Xerente da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales* firma un certificado nos seguintes termos:

“Que esta entidade, como titular da Escola Universitaria de Traballo Social, centro adscrito á Universidade de Santiago de Compostela, no caso de que finalmente houbese que incluír no sistema de Seguridade Social aos alumnos desta Escola que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación, comprométese a realizar os trámites administrativos necesarios para incluír os devanditos alumnos no sistema da Seguridade Social e a asumir o custo da cotización que diso derívese.”

Este documento remítese ás entidades colaboradoras que así o solicitaron, ou que tiñan dúbidas sobre se poderían ou non ofertar prazas de prácticas. O desenvolvemento da normativa que regulará a alta do alumnado e a xestión dos convenios ao abeiro da nova lexislación, producirase ao longo do curso 2023-2024. A decisión de ser asumido o coste da Seguridade Social do alumnado en prácticas por parte da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*, deriva da decisión da USC de excluír dos seus presupostos, a cotización da seguridade social do alumnado dos centros adscritos.

Grao en Traballo Social

Asináronse 18 convenios (dos 21 tramitados), para a realización de prácticas externas. En xullo de 2023 o número de convenios en vigor é de 175 fronte aos 158 do curso anterior, reflexo do interese do Centro por incrementar as entidades colaboradoras e ampliar os ámbitos de actuación para a oferta de prazas de prácticas anuais. A maiores dos convenios propios asinados, a USC tamén asinou convenios que contemplan a todas ou a maioría das titulacións que se imparten na mesma.

CURSO	PRAZAS OFERTADAS	Nº ALUMNOS/AS	NOVOS CONVENIOS ASINADOS	RATIO PRAZAS OFERTADAS POR ALUMNOS/AS MATRICULADOS
2017-2018	142	59	14	2,58
2018-2019	160	45	12	3,80
2019-2020	190	53	30	3,80
2020-2021	146	65	18	2,35
2021-2022	158	75	41	2,10
2022-2023	254	71	18	3,57

No curso 2022-2023 realizaron as prácticas 71 alumnos/as, 4 no primeiro cuatrimestre e 67 no segundo. Ofertáronse en total 254 centros de prácticas, o que representa unha ratio de 3,57 prazas por alumno/a.

As institucións coas que se ten establecido convenio de cooperación, non asumen alumnado en prácticas todos os cursos académicos, xa que esta circunstancia ven determinada polo lugar de procedencia do alumnado, as preferencias destes e a dispoñibilidade do centro ou entidade no momento de realizar a oferta anual de prazas.

Por normativa da USC, a oferta de prazas de prácticas publícase no mes de xuño (para prácticas no 1º cuatrimestre) e no mes de xullo (para prácticas no 2º cuatrimestre) do curso académico anterior ao de realización destas.

Dado que o alumnado realiza as prácticas maioritariamente no 2º cuatrimestre do curso académico (de principios de febreiro a mediados de maio), o prazo de tempo transcorrido desde a oferta en xullo á incorporación en febreiro do ano seguinte é de 7 meses polo que, en ocasións, prodúcese modificacións na oferta por causas alleas ao Centro imputables a baixas, traslados e outras circunstancias que se producen nos centros colaboradores.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na MVT 2017 indicase un perfil recomendado para os futuros estudantes do grao en traballo social relacionado coa área de Humanidades e Ciencias Sociais (R.D. 1467/2007), e non se esixe ningunha formación previa específica. Con todo, recoméndase habilidade para as relacións interpersoais, actitude activa de contribución ao desenvolvemento dunha sociedade máis xusta, entre outras. O futuro alumnado pode consultalo en <https://www.usc.es/gl/estudios/gaos/ciencias->

Grao en Traballo Social

[sociais-xuridicas/grao-traballo-social](#)

O alumnado que solicita acceder ao curso ponte ou de adaptación ao grao, ten que ser titulado en Diplomatura en Traballo Social. As condicións de acceso son as establecidas pola normativa de aplicación para o sistema universitario galego, aplicando o principio de distrito único para as 3 Universidades galegas. A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), é a encargada da organización e execución deste proceso. Unha vez admitido e matriculado na USC, o alumnado debe formalizar a súa inscrición no Centro (por tratarse dun centro adscrito).

No curso 2022-2023, o número de prazas ofertadas para alumnado de novo ingreso foi 80 (IN01C), o mesmo que en cursos anteriores, sendo 83 o número de estudantes que se matricularon por primeira vez no primeiro curso do Grao (IN04C) fronte ao 81 e 82 nos cursos 2020-2021 e 2021-2022 respectivamente e o número de estudantes que se matriculou por primeira vez no Grao incluídos o alumnado que trasladou expediente foi de 87 (IN03C), tres persoas máis que no curso anterior e cinco máis que no curso anterior a este. A nota media de acceso dos últimos 2 cursos foi de 8,36 e 8,19 respectivamente (IN06G).

En relación á taxa de variación relativa da matrícula de novo ingreso por preinscrición, a ACMP non remite valor deste índice para o curso obxecto de análise. No curso anterior, 2021-2022 foi de 1,23 (IN05C) e de 2,53 no curso 2020-2021 polo que se produxo un descenso de 1,30 puntos, e a relación de estudantes que se matricularon e se preinscribiron en primeira opción sobre as prazas ofertadas foi de 67,50 (IN10C) o que supón unha subida de 10 puntos en relación ao curso anterior.

A nota media do alumnado que accedeu ao Grao por preinscrición foi de 8,19 (IN06G) polo que se produxo un lixeiro descenso en relación aos dous cursos anteriores, 8,33 no curso 2020-21 e 8,36 no 2021-22, mudando así a tendencia a aumentar que se viña seguindo. Así mesmo a porcentaxe de estudantes que accedeu ao título con una nota igual ou superior a seis tamén foi lixeiramente inferior. Nos dous últimos cursos foi de 100% seguindo una tendencia a alza, e no curso 2022-23 foi de 96,34% (IN07C).

A taxa de abandono durante o primeiro curso foi dun 5%, descendendo en 2,58 puntos respecto ao curso anterior, sendo a máis baixa dos últimos seis anos en que se chegaron a acadar valores tres e cinco veces máis altos. A media da taxa de abandono para a área de coñecemento e para a USC triplicase, con respecto á da EUTS.

En relación coa porcentaxe de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados/as por 1ª vez sobre prazas ofertadas posicionase no intervalo 65-70%, observándose unha importante subida ata o 67,50% con respecto ao ano anterior cuxo valor fora 57,50% (IN10C).

Tal como se indica a preferencia do alumnado á hora de facer a matrícula foi do 65,1% como primeira opción e 16,9,9% como segunda opción segundo o informe da CIUG (2502230_INF CIUG_2022), o que supón un incremento de 10 puntos porcentuais respecto ao curso anterior.

Estes valores reflicten que unha maioría do alumnado quere estudar traballo social neste centro, e que accede cunha nota media elevada, polo que se pode concluír que os criterios de admisión e o perfil son acordes co establecido na Memoria de Título 2017

Grao en Traballo Social

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Prazas ofertadas IN01G	80,00	80,00	80,00	80,00	80,00	80,00
Matrícula de acceso IN03G	87,00	89,00	85,00	82,00	84,00	87,00
Matrícula de novo ingreso por preinscrición IN04G	83,00	86,00	79,00	81,00	82,00	83,00
Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición(%) IN05G	7,79	3,61	-8,1	2,53	1,23	-
Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%) IN10G	67,50	70,00	62,50	51,25	57,50	67,50
Taxa de ocupación (%) IN12G	103,75	107,50	98,75	101,28	102,50	103,75
Nota media de acceso por preinscrición (5-14) IN06G	6,72	7,35	7,78	8,33	8,36	8,19
Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual o superior a seis (%) IN07G	69,51	82,35	93,67	100,0	100,0	96,34

En relación ao Curso Ponte ou de adaptación da Diplomatura ao grado, mantívose a oferta do curso anterior (5 prazas), matriculándose 1 persoa no curso 2022-23. O alumnado propio total son 320 alumnos e alumnas, 10 persoas menos que o curso 2021-22. A vía de acceso maioritaria do alumnado de novo ingreso é maioritariamente do procedente de Bacharelato cun total de 63 persoas fronte a 19 de Formación Profesional. A nota media do alumnado matriculado procedente do Bacharelato é de 8,353 e do alumnado de Formación profesional 7,667

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
Matrícula de acceso IN03G	87,00	89,00	85,00	82,00	84,00	87,00
Continuación estudos (traslado)	6,00	6,00	3,00	-	-	-
Formación Profesional	14,00	9,00	10,00	19,00	17,00	19
Maiores 25 anos	0,00	1,00	0,00	0,00	0,00	0,0
PAAU	42,00	72,00	67,00	61,00	65,00	63,00
Deportistas	-	-	-	-	-	1,00
Titulados/as Universitarios/as	1,00	2,00	5,00	1,00	0,00	0,00
Persoas con Discapacidade	-	-	-	1,00	0,00	0,00

Grao en Traballo Social

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ao longo do curso obxecto de análise cumpríuse coa normativa vixente e as distintas normas referidas á xestión académica.

Na web propia dispónse dun apartado de normativa no que pode ser consultada a que é de interese académico para o alumnado, con enlace ao apartado de normativa na web da USC, e con acceso aos regulamentos propios do centro.

Na etapa da pandemia, a USC adaptou a normativa do TFG a situación xerada, contemplando a posibilidade de que o alumnado puidese defender o TFG ante o seu titor/a aínda que esta modalidade non estivese contemplada no Regulamento de cada Centro. Trala experiencia dos cursos anteriores, a EUTS modificou o seu Regulamento propio de TFG incorporando a posibilidade de que o alumnado puidese elixir realizar a súa defensa ante titor ou ante tribunal. Dito regulamento, aprobado no curso anterior, empezou a aplicarse no curso 2022 – 2023.

Grao en Traballo Social

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A EUTS ten como referencia principal para a información pública, a páxina web propia do Centro.

A información contida neste apartado é a resulta da análise da información pública dispoñible en relación ao Centro e a Titulación, tanto na web propia (www.euts.es) como no apartado correspondente da web institucional da Universidade de Santiago de Compostela (<https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-sociales-juridicas/grado-social>).

O centro ten establecido a publicidade da información académica e administrativa en continua actualización, nos taboleiros físicos da entidade e na web propia, A información está distribuída en 6 grandes apartados:

- Estrutura e organización.
- Estudios: Plan de estudos, calendario académico, horarios de clases e atención ao alumnado, calendario de exames, programas das materias, e a información sobre outros cursos que se ofrecen. A información relativa aos programas das materias é público, pero as guías docentes requiren de claves de acceso ofrecidas ao alumnado matriculado en cada materia (acceso a través do apartado *Portal de Estudiante*).
- Estudiantes: Normativa de interese (Normativa de la USC de permanencia, Normativa propia da entidade-Usa da biblioteca, ou uso da aula de informática, entre outros); programa de titores e alumnado titor, plan de acción tutorial; programas de mobilidade (SICUE, ERASMUS, Convenios bilaterais etc); Recoñecemento de créditos e información sobre becas de estudio as que ten acceso o alumnado.
- Administración y Secretaría.
- Servizos.
- Outros: Onde se publica a guía académica de grao, apartado de enlaces de interese (do colexio oficial de traballo social, distintos servizos da USC, outras escolas de traballo social de España);

Na columna *Destacados* publícase información sobre Egresados e saídas profesionais, Sistema de Garantía de Calidade, Estudantes de novo ingreso, TFG, Practicum, Curso ponte, etc

A páxina de inicio da web propia abre no apartado *Novas* onde se informa de avisos e/ou notificacións que se publican tanto na web como no taboleiro do centro.

Toda a información pública da web propia é aberta a todos os usuarios da mesma, agás a incluída en dous apartados específicos aos que é preciso o acceso a través de chave, que son:

- *Taboleiro Virtual*, con acceso restrinxido as persoas da comunidade educativa de cada curso académico. Publícase a información que contén datos de carácter persoal ou académico (Resolucións de bolsas propias, faltas de asistencia ou dispensas; Asignación de alumnado a grupos interactivos; Actas de comisións de título, Asignacións de prazas de mobilidade, entre outros).

Grao en Traballo Social

- *Portal do Estudiante*, con acceso restrinxido por cada materia, ao alumnado matriculado en cada unha delas por curso académico. Publícase a Guía da materia, temarios, cualificacións, avisos do profesorado, e outros documentos e notificacións en relación á materia en cuestión. Funciona como aula virtual para a entrega de traballos, entre outros.

O apartado *Biblioteca Virtual* permite o acceso aos recursos da biblioteca do centro e aos propios da rede de bibliotecas da USC.

Cando se producen novidades importantes e/ou urxentes que atinxen directamente a cada grupo de interese, envíanse correos electrónicos persoais para reforzar con este medio a comunicación da información que se quere transmitir.

Na web institucional da USC (<https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-sociales-juridicas/grado-social>), os apartados de admisión e matrícula, e becas e axudas enlazan con apartados da propia universidade. Non obstante, cando o alumnado finaliza o proceso da súa matrícula na USC se lle informa que ten que poñerse en contacto co Centro por tratarse dun centro adscrito, para completar o proceso

A modo de síntese se inclúe unha táboa na que se indica onde atopar de forma pública, a información relativa a título:

Táboa 1: Localización da información pública relativa ao título Grao en Traballo Social

Tipo de información	Web propia EUTS	Web institucional USC
Denominación do título	X	X
Número de créditos e duración do título	X	X
Centro responsable do título, o no seu caso, departamento ou instituto	X	X
Coordinador/a e/ou responsable do título	X	X
Centro onde se imparte o título	X	X
Tipo de ensinanza	X	X
Número de prazas de novo ingreso ofertadas	X	X
Idiomas nos que se imparte o título	X	X
Normativa de permanencia	X	X
Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos	X	X
Memoria vixente do título	X	X
Obxectivos do título	X	X
Competencias xerais	X	X
Competencias específicas	X	X
Criterios de acceso e admisión	X	X
Procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso	X	X
Perfil de ingreso recomendado	X	X
Curso ponte (deseño curricular, criterios e condicións de acceso)	X	X
Estrutura do programa formativo: denominación da materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo	X	X
Horarios	X	X
Guías docentes	X	X
Traballo fin de grado (Comisiones de avaliación, convocatorias, temáticas, etc.)	X	X
Información sobre as prácticas externas (convenios con entidades colaboradoras,...)	X	X
Profesorado	X	X
Aulas e seminarios	X	X
Sala de informática	X	X

Grao en Traballo Social

Sala de estudio	X	X
Biblioteca	X	X
Outros servicios disponibles	X	X
Resultados do título (Taxa de graduación, abandono, eficiencia, rendemento, éxito, avaliación, inserción laboral)	X	X
Organo responsable do sistema de garantía da calidade do centro	X	X
Política e obxectivos de calidade do centro	X	X
Manual e procedementos do SGIC	X	X

Grao en Traballo Social

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Considérase que se teñen establecido na titulación e no centro procedementos adecuados para a recollida de información, e así realizar a análise que permita á toma de decisión para a mellora do título

No Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación 2022 acadárase un nivel B en todos os criterios, o que avala que os mecanismos para a recollida de información son adecuados así como os sistemas de coordinación establecidos, polo que se seguen mantendo istos

O órgano colexiado de carácter académico que mais reunións celebra é a Comisión de Título (20 reunións), da que entre outros forman parte a coordinadora de título, coordinadora do practicum, coordinadora de traballos de fin de grao e coordinadores de curso, así como responsables de programas de mobilidade. Súmanse á coordinación que se realiza no ámbito do órgano anterior ás reunións específicas de coordinación, un total de dez no curso 2022-23 e que figuran referidas no informe de coordinación do curso, entre elas ás que se celebraron para verificar que o contido dos programas académicos se axusta á Memoria do Título e á normativa de avaliación na USC.

Contribúe á coordinación a elaboración de documentos que serven de orientación fundamentalmente en materias nas que están implicados varios docentes, caso do Manual do Practicum, Manual para o TFG, ou a Guía para a elaboración de traballos académicos, unido a Guía de centro con información de interese tanto para o alumando como para todo o persoal do centro.

A coordinadora de curso elabora por curso académico un informe que recolle a actividade levada a cabo ao longo do mesmo. Para a súa elaboración entre outras fontes, reflicte información aportada no informe da coordinadora do practicum, informe da coordinadora dos traballos de fin de grao, e actas das reunións para asignar prazas dos programas de mobilidade. No informe de coordinación do curso hai constancia de dez reunións que teñen tal finalidade, do seu contido dáse conta á Comisión de Título, para o seu coñecemento e análise.

Grao en Traballo Social

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No Informe Final para a renovación da acreditación do título de 20 de novembro de 2022, a Comisión Avaliadora fai unha serie de recomendacións para as que se plantexaron accións de mellora.

Unha das recomendacións refírese a seguir traballando para aumentar a taxa de resposta por parte dos estudantes nas enquisas de satisfacción coa titulación, e tras as actuacións levadas a cabo no curso 2022-2023 a taxa de resposta do alumnado coa docencia recibida foi de 61,59. Conseguiuse mellorar en 43 puntos a taxa do curso anterior, e mellorouse en 13 e 18 puntos os valores acadado para os cursos 2019-2020 e 2020-2021, respectivamente.

A cifra de participación (61,59) do curso obxecto de análise, é con diferenza o mellor valor acadado nos últimos seis cursos para esta taxa, que ten un valor medio de 38,8 para dito período.

A outra das recomendacións no Informe Final de acreditación de 2022 ao respecto do SGIC, é a de concluír o Manual Simplificado do SGIC e o Manual de Procesos do centro, que non foi completado no curso 2022-2023..

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A actuación da Comisión de Calidade do Centro (CCC) no curso 2022-23 estivo marcada polo proceso levado a cabo no curso 2021-22 en que se elaborou e presentou (marzo 2022) o Informe para a renovación da acreditación do título (IRA2022), e tivo lugar a visita da Comisión avaliadora (xullo 2022).

Nos inicios do curso 2022-23 recíbese o Informe provisorio para a renovación da acreditación do Grao (20 de setembro). O Informe provisorio emitido pola ACSUG foi favorable acadándose unha valoración B en todos os criterios, o que significa que os estándares nos distintos criterios considerados logrónse completamente.

INFORME PROVISORIO DE AVALIACIÓN

Dentro do prazo establecido para a presentación de alegacións ao Informe provisorio, a Comisión Académica de Título considerou máis axeitado presentar consideracións ou observacións ao Informe máis non alegacións e así tamén o ratificou a CCC coa súa aprobación.

Grao en Traballo Social

Sinalábanse unha serie de puntos fortes como son:

- A demanda sostívose no tempo e cóbrense practicamente todas as prazas ofertadas. Estímanse positivos todos os esforzos realizados por facer máis visible a titulación e captar estudantes.
- Demóstrase un compromiso coa mellora da calidade que se manifesta a través dun autoinforme ben elaborado e da atención prestada ás recomendacións recibidas en anteriores informes externos.
- Realízanse enquisas propias de inserción laboral que permiten xerar información actualizada respecto diso
- De acordo á información subministrada, a inserción laboral dos egresados estímase comparativamente elevada tanto na rama de coñecemento como na disciplina concreta
- Valórase positivamente a proximidade que mostra o profesorado co estudantado, o que facilita moitas das tarefas académicas e a resolución de problema
- Implicación e compromiso coa xestión das prácticas externas, que foron moi ben valoradas por estudantes e egresado

CONSIDERACIÓNS AO INFORME PROVISORIO:

As consideracións e as accións de mellora vinculadas as mesmas, aprobadas pola Comisión con competencias, foron as seguintes

-Sistema de garantía de Calidade:

- Punto débil detectado: Avanzar no SGIC do centro ata a súa certificación

Proposta: Concluir a elaboración do Manual simplificado do SGIC e Manual de procesos do centro para a súa certificación. Data remate: 31 de xullo de 2023.

-Indicadores de satisfacción e rendemento:

- Punto débil: A media da taxa de abandono no IRA2022 tense incrementado ao respecto do IRA2016 polo que se considera procedente determinar as causas que levan a ese resultado

Proposta: A Comisión de Título recabará información para coñecer as motivacións para o abandono por parte do alumnado. Data remate: 31 de xullo de 2023

- Punto débil : Descenso da taxa de gradación e eficiencia no IRA2022 ao respecto do IRA 2016

Proposta: A media da taxa de gradación no IRA 2022 descendeu ao respecto do IRA 2016 polo que se considera procedente identificar as causas que levan a este resultado. Así como facer un seguimento da evolución da taxa de eficiencia. Data remate: 31 de xullo de 2023.

-Recursos humanos:

- Punto débil: O profesorado e persoal de administración e servizos da EUTS non pode participar en igualdade de oportunidades nas actividades formativas que desenvolve a USC. As xestións realizadas víronse interrompidas pola pandemia.

Proposta: Propoñer novamente o recoñecemento expreso por parte da USC do dereito de acceso do profesorado e persoal da EUTS aos programas de formación en iguais condicións que o resto de persoal da institución. Data remate: 31 de maio de 2023

- Punto débil: A ratio alumnado/profesorado a tempo completo non alcanza os valores da normativa que entrou en vigor en setembro de 2021 e que fixaba un período de cinco anos para adaptarse.

Proposta: Proponse un incremento gradual do profesorado a tempo completo comezando polo curso 2022- 2023. Data de remate: 1 de febreiro de 2026

-Organización e desenvolvemento

- Punto débil: Reducida participación do alumnado nos programas de mobilidade internacional.

Proposta: Coñecer as causas da reducida participación do estudantado nos programas de mobilidade internacional, a través dunha enquisa dirixida ao alumnado de 4º curso. Data de remate 30 de xuño de 2023.

INFORME DEFINITIVO DE AVALIACIÓN

O Informe final para a renovación da acreditación ten data de 20 de novembro de 2022. Nel figuran unha serie de recomendacións ante as que se plantexaron accións de mellora:

Grao en Traballo Social

-Organización e desenvolvemento do título:

- Recoméndase aproveitar a modificación substancial da Memoria do título para actualizar o número de prazas ofertadas de xeito que coincida co realmente ofertado. En marzo de 2022 publicouse o procedemento para a solicitude de modificacións dos títulos verificados; A proposta presentouse o 23 de novembro de 2023 dentro do prazo establecido a tal efecto.
- Recoméndase analizar sistematicamente as causas da reducida participación dos estudantes en programas de mobilidade internacional. Plantexouse para isto a acción de mellora AM-6 referida a coñecer ditas causas a través de unha enquisa dirixida ao alumando de 4º curso.

-Informacións e transparencia:

- Recoméndase mellorar a coordinación e a vinculación entre a web do título no dominio USC e a web propia para evitar, de ser posible, a duplicidade da información. Fixéronse xestións para que o enlace entre ambas fose operativo, e está xa en funcionamento

-Sistema de Garantía de Calidade

- Recoméndase seguir traballando para incrementar a taxa de resposta por parte dos estudantes nas enquisas de satisfacción coa titulación. Puxéronse en marcha varias iniciativas para incrementar a información e motivación e pasouse dun nivel de participación de 17,7% no curso anterior a 61,59% no curso 2022-23. Plantexouse a acción de mellora AM-1 de cara a concluír o Manual simplificado do SGIC e o Manual de Procesos do centro para a súa certificación.

-Recursos humanos

- Recoñécese o esforzo por incrementar a porcentaxe de doutores que participan na titulación, máis indícase que tense que fortalecer a capacidade investigadora do profesorado, valorando positivamente o esforzo de incorporar novo profesorado e reducir a carga docente do corpo docente. Na acción de mellora AM-5 propónse o incremento gradual de profesorado a tempo completo desde o curso 2022.
- Recoméndase seguir traballando para acadar un convenio coa USC para o profesorado poida acceder a programas de formación ou buscar alternativas similares. Para isto propúxose a acción de mellora AM-4 para que a USC recoñeza o dereito de profesorado e persoal da EUTS a acceder aos seus programas de formación.

-Indicadores de satisfacción e rendemento:

- Recoméndase continuar no seguimento das causas do elevado abandono. Así como da taxa de gradación que aínda que é alta, tivo un descenso. Propuxeron dúas accións de mellora relacionadas con isto, a AM-2 para recabar información sobre as motivacións do abandono por parte do alumando, e a AM-3 para facer un seguimento da evolución da taxa de gradación.

VALORACIÓN PLAN ACCIÓNS MELLORA MEMORIA 2021-2022

Non se completou o proceso de actualización do SGIC contemplado como AM-1 da relación de accións de mellora. Valórase necesaria reunión coas responsables da Área de Calidade da USC para levar a cabo a súa renovación. O proceso de acreditación do curso 2021-2022, a reforma da Memoria do Título de Grao derivado do anterior proceso así como a selección de persoal para incorporación de novo/as docentes e a xestión de renovación e ampliación de convenios para prácticas, repercutiron na priorización de tarefas.

Así e todo, alcanzouse unha valoración B no Informe final de acreditación da ACSUG e indica: *“El Centro cuenta con un SGC capaz de generar diversos indicadores sobre el funcionamiento de la titulación. Anualmente se realiza una memoria de calidad a nivel de Centro que permite constatar que dichos indicadores son analizados, que se identifican las principales debilidades y que se plantean acciones de mejora enfocadas a eliminarlas. Además, en el informe se hace un seguimiento de las acciones de mejora contempladas en los informes previos. Por lo tanto, se constata que el título está sometido a un proceso de mejora continua que funciona de forma independiente a los procesos de evaluación externa.*

Elaborouse o protocolo para recoller a opinión do alumnado que abandona estudos de cara a coñecer as causas que o levan a esta situación. (AM-2.1). A administración deste protocolo xerou dúbidas dado que o centro non ten o consentimento informado para comunicarse co alumnado por temas alleos a aspectos vinculados coa actividade

Grao en Traballo Social

académica, polo que suspendeuse a aplicación do formulario por inseguridade xurídica. Os datos facilitados desde a Área de Calidade en canto á taxa de abandono amosan que o abandono do alumnado matriculado en 1º curso ten diminuído de xeito significativo nos tres últimos cursos sendo de 5,0 no curso 2022-2023, fronte a 7,58 do curso 2021-2022 e 15,49 no anterior a este. E dicir, unha baixada de máis de 10 puntos nos tres últimos cursos. Se tomamos como referencia a taxa de abandono do alumnado en base ao Real Decreto 1393/2007 tamén se observa un importante descenso da mesma, de 15,5 puntos nos tres últimos cursos. A taxa é de 18,31 para o curso 2022-2023 fronte a 22,73 do curso anterior, e 31,88 no curso 2020-2021.

Non se executou a reunión do Comité Consultivo (AM-2.2) polo que se retomará como pendente para o vindeiro curso.

No Informe Definitivo para a acreditación de 2022, a ACSUG indica: *“Las tasas de resultados han ofrecido en general resultados coherentes con las previsiones realizadas en la memoria. En lo que respecta a la tasa de graduación, generalmente se ha mantenido por encima del 72,46% estimado en la memoria, pero ha caído al 62,32% en el curso 2020/2021. Es un aspecto que debe vigilarse para comprobar si es circunstancial o refleja alguna tendencia negativa”*, isto é a orixe da acción de mellora AM-3.1. En relación a esta taxa indicar que no curso 2021-2022 subiu 8,89 puntos situándose no 71,21%, e no curso 2022-2023 subiu 15,14 puntos en relación ao dato aportado no informe, situándose en 77,46% polo que a análise dos datos indican que se tratou dunha situación circunstancial atribuíble, desde o punto de vista do Centro, as circunstancias vinculadas ao período da pandemia por COVID-19 pois ao retomar a normalidade académica, volve a situarse, nos dous últimos cursos, por riba incluso das taxas do IRA16. Con relación á taxa de eficiencia, a recomendación é de facer seguimento da mesma debido a que nos tres cursos anteriores ao IRA22 observábase unha leve tendencia á baixa. Sen embargo, desde o proceso de renovación da acreditación 2022, a tendencia inverteuse producíndose unha leve subida porcentual en cada curso académico situándose, no curso 2022-2023 no 97,78% o que supón unha subida de 1,65 puntos nos tres últimos cursos é superando en case 5 puntos os resultados anteriores ao IRA22.

En relación ao persoal da EUTS, recoméndase: *“seguir trabajando en la firma de un convenio con la USC para permitir el acceso de la plantilla a los programas de formación del profesorado o buscar otras alternativas que garanticen la actualización de sus capacidades docentes.”* En base á AM-4, fixéronse xestións por parte da Dirección do Centro e por parte do Delegado da USC na EUTS, para que o persoal poida acceder aos cursos ofertados pola USC. Como resultado de ditas xestións, recibíuse, con data 2 de novembro de 2023 correo desde a Dirección do Centro de Formación de Persoal da USC na que se indica que se vai a abrir unha vía para facilitar a formación do profesorado das tres escolas adscritas mediante a sinatura dos correspondentes convenios. Con eles facilitarase que as tres escolas poidan organizar e xestionar a formación que estimen conveniente para o seu profesorado, e obter o recoñecemento do CFP, en igualdade de condicións con outros centros da USC. En dito correo anuncian que, proximamente, achegarán proposta de convenio. Estase a espera da recepción de dita proposta.

No curso obxecto de análise, incrementouse o persoal docente coa contratación dunha persoa a tempo completo, polo que se está a dar cumprimento á acción de mellora AM-5 de incremento gradual do profesorado con esta adicación, comezando no curso 2022-2023.

No IRA22 recomendábase analizar sistematicamente as causas da reducida participación dos estudantes nos programas de mobilidade internacional e plantexar accións de mellora enfocadas a eliminalas. Plantexouse elaborar unha enquisa que se administraría ao alumnado de 4º curso (AM-6). O Coordinador de Mobilidade Internacional elaborou unha enquisa en-liña con esta finalidade. Contactouse por correo electrónico co alumnado para a administración da enquisa pero ante o baixo nivel de resposta e dado que os resultados obtidos non serían significativos propónse reiterar dita acción no vindeiro curso

Grao en Traballo Social

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Comisión avaliadora para a renovación da Acreditación, no seu Informe indica que a principal limitación sinalada en informes de seguimento e acreditación previos do Grao fai referencia á cualificación académica, fundamentalmente no referido á capacidade investigadora do profesorado. En particular, na renovación da acreditación do título en 2016 poñíase de manifesto que o persoal non alcanzaba o 50% de doutores, aspecto que sería sometido a especial seguimento.

En 2022 a Comisión avaliadora sinala que debe destacarse o esforzo realizado nos últimos anos por superar estas limitacións. Na actualidade, o 61,5% do persoal docente ten o título de doutor e o 15,4% está a piques de defender a súa tese. O 76,9% ten adicación completa e contrato indefinido. Esta evolución vese acompañada pola avaliación moi positiva da actividade docente por parte dos estudantes (4,16), así como unha satisfacción elevada do profesorado con respecto á docencia impartida (4,5).

En xeral, apunta a Comisión avaliadora, que a experiencia docente é elevada e estímase unhas capacidades óptimas neste sentido, e que se aprecia un interese crecente do persoal por desenvolver actividades de investigación, con todo, esta segue sendo a parte máis débil, estimándose oportuno perseverar no seu fortalecemento. Neste sentido, a Comisión pon de manifesto que aínda que se fixeron esforzos por incrementar a porcentaxe de doutores que participan na titulación, a actividade investigadora segue sendo limitada, e recomenda que débense seguir tomando medidas para fortalecer a capacidade investigadora de profesorado. Neste sentido valora positivamente o esforzo realizado por incorporar novo profesorado e reducir a carga docente do persoal. No curso 2022-23, incrementouse o cadro docente cunha persoa máis a tempo completo e de cara ao curso 2024-25 prevese continuar coa redución da carga docente do PDI, coa incorporación dun novo docente ou ampliación da adicación de persoal xa en activo no centro.

O 61,5% do profesorado supera os 15 anos de experiencia docente e o 38,4% posúe unha dobre titulación, é dicir, son titulados en Traballo Social con outra titulación engadida.

Grao en Traballo Social

Respecto ao profesorado asignado a 1º curso, o 83,3% son doutores e o 28,5% posúen outra titulación engadida á de Traballo Social e cunha media de 15,5 anos de dedicación docente no centro.

En canto ás prácticas externas, todo o profesorado titor posúe a titulación de Traballo Social, sendo este un requisito do centro. O 75% posúe ademais outra titulación máis (maioritariamente Socioloxía) e o 25% está en posesión do título de doutor/a. Pola súa parte, respecto ao profesorado asociado ao Traballo de Fin de Grao, o 77,8% ten o título en Traballo Social, 22,2% posúe outra titulación a maiores e o 66,7% conta co título de doutor/a

A ratio de estudantes por profesor/a á tempo completo é de 31,4. A raíz do incremento de profesorado, a ratio de estudantes por profesor/a a tempo completo pasou de 34,5 a 31,5 pretendendo continuar nesta progresión gradual do número de PDI a tempo completo ata alcanzar os valores establecidos no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade (25 estudantes por profesor/a tempo completo), aínda que en dita normativa establécese un período de cinco anos para a adaptación á norma, polo que o centro inclúe unha acción de mellora respecto diso:AM-5: Proponse un incremento gradual do profesorado a tempo completo comezando no curso 2022-2023.

Tal e como se recolle en dita proposta, no curso 2022-23 incrementouse o PDI cunha persoa máis o que permitiu a redistribución da carga lectiva rebaixando horas de docencia ao PDI do Centro.

No Informe da Comisión avaliadora sinálase que, de acordo ás recomendacións recibidas no último informe de acreditación, o centro levou a cabo diversas iniciativas para lograr asinar un convenio coa USC que permita o acceso do profesorado da Escola aos cursos de formación ofrecidos ao persoal propio da Universidade, pero ata aquel momento, por diversas circunstancias, non deron froito. Por mediación do Delegado da Universidade, no curso 2023-24 tense recibido no centro comunicación da Dirección do Centro de Formación do Persoal, no sentido de que se están a elaborar convenios coas escolas adscritas para incluír ó profesorado das mesmas nos programas de formación do profesorado.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Comisión avaliadora considerou que o persoal de administración e servizos é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantado, e que contan co nivel de cualificación esixido, acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. O número de persoas na categoría de persoal de administración non sufriu variacións: 6 persoas, tres con adicación completa e tres con adicación parcial, A súa valoración media respecto da satisfacción co seu traballo acadou unha puntuación media de 3,64.

Todo o persoal réxese, tal e como se recolle na MTV polo *Convenio Estatal para os Centros de Educación Universitaria e Educación*, XII no momento de elaboración do Informe e XIII na actualidade (BOE Nº 8 de martes 9 de xaneiro de 2007 e BOE Nº 174 do sábado 21 de xullo de 2012 respectivamente).

Grao en Traballo Social

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No referente a instalacións, o centro conta cunha aula de 120 prazas, dúas aulas de 110 prazas, unha aula de 60 prazas e unha aula de 40 prazas. Ademais, o Centro pon a disposición do alumnado un seminario ou sala de estudo con capacidade para 42 persoas (que se utiliza tamén como aula segundo necesidades), unha sala de lectura con mesas de traballo con 45 postos, anexa á biblioteca e unha aula de informática con 20 postos.

Estes espazos considéranse axeitados para o desenvolvemento das actividades formativas, tendo en conta a distribución media do alumnado por grupos de docencia expositiva e interactiva:

Grao en Traballo Social

	2021-22	2022-2023
Media por grupo de teoría	78,9	Sen datos
Media por grupo interactivo	33,7	37,44
Media en optativas por grupo de teoría	33,6	Sen datos

Todas as aulas están equipadas con ordenador e canón proxector e fíxose un esforzo importante por ir renovando a tecnoloxía e o mobiliario da aula.

Todo el centro dispón de rede wifi con fibra óptica.

Aula de informática: Con 20 postos, é atendida no horario establecido por alumnado bolseiro polo propio centro.

Biblioteca: A longa traxectoria da EUTS permite dispor dun amplo fondo bibliográfico, que conta coas principais obras de referencia da disciplina e as diferentes novidades que o profesorado solicita para as súas materias. Ao comezar o curso 2022-23 nos fondos da biblioteca se encontran depositados (2022) un total de 13.604 volumes.

Mensualmente, o persoal da biblioteca achega un correo electrónico ao profesorado coas novidades incorporadas. Esta mesma información faise chegar ao alumnado a través da páxina web do centro.

Servicios de orientación académica

O Centro participa no Programa *A Ponte* que inclúe o *Programa de Titores*, que reciben formación específica por parte da USC. Desde o curso 2015-16 ata o 2022-23 veñen ofertándose catro prazas. No curso 2022-23 exerceron como alumnado titor dúas persoas das tres que iniciaron o curso de formación. Ademais do apoio proporcionado polo alumnado participante no programa, o persoal de secretaría, administración e profesorado facilitan información e orientación académica. Tamén se dispón dun folleto propio sobre o centro e a titulación, un folleto específico sobre o servizo de Biblioteca e a Guía Académica da titulación, de acceso a través da web do centro.

Lévanse a cabo as adaptacións específicas necesarias para apoiar ao alumnado con discapacidade. Ditas adaptacións coordínanse co Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) e conforme aos protocolos publicados polo mesmo.

Facilítase, ao alumnado de 4º matriculado en TFG, Practicum ou ambos o *Manual para o Practicum* e o *Traballo de Fin de Grao en Traballo Social*, que aborda tanto os aspectos de procedemento como metodolóxicos, calendarización, etc. En canto á orientación profesional, desde o curso 2011-12 vense elaborando un dossier para o alumnado de 4º con información sobre inserción laboral. A partir de 2018 isto se transforma nunha sesión informativa sobre colexiación e saídas profesionais, coa colaboración do *Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia*.

Creouse tamén na web propia un espazo para recén egresados e postulados no que se ofrece información sobre a figura profesional, saídas profesionais e posibilidades de continuación de estudos, ademais de datos sobre inserción laboral dos egresados.

Servizos de atención ao estudante

Dispónse de un espazo web específico, baixo a denominación *Taboleiro Virtual* con acceso a través de chave que se facilita ó estudante, onde se pode consultar diferente información de interese: Notas, actas de Comisión de Título, etc. Tamén se dispón, con acceso a través da web, dunha caixa de queixas e suxestións para a presentación de iniciativas, suxestións ou queixas, que inclúe un enlace á *Oficina de Análises de Reclamacións (OAR)*.

Programas de acollida e apoio ao estudante

O primeiro día lectivo do curso o equipo directivo xunto coa Coordinadora de Título, o/a Coordinador/a de 1º, profesorado, representantes do persoal de administración e servizos e representantes do alumnado titor/a, participou na Xornada de Acollida ao alumnado de novo ingreso. Facilitouse información sobre diferentes aspectos en relación á universidade e ó

Grao en Traballo Social

centro (itinerario formativo, procedementos, instancias, etc.).

Prácticas externas

A titulación contempla a realización de prácticas externas no 2º cuadrimestre de 4º curso. Desde o ano 2017, a USC establece que os convenios para prácticas se firmen pola USC, a EUTS e a entidade colaboradora e con un período de vixencia de 4 anos.

No curso 2022-2023 realizaron as prácticas 71 alumnos/as, 4 no primeiro cuadrimestre e 67 no segundo. Ofertáronse en total 254 centros de prácticas, o que representa unha ratio de 3.57 prazas por alumno/a.

De setembro de 2022 a xullo de 2023 (curso 2022-2023), asináronse 18 convenios (11 con entidades da Provincia de A Coruña, 2 da Provincia de Lugo e 5 de carácter autonómico). Deles, 6 son convenios novos, 8 prórrogas de convenios que caducaban nese curso e 4 renovacións tras caducidade do convenio anterior. Ademais 8 concellos adheríronse ao convenio da FEGAMP, 6 foron xestionados pola EUTS e 2 o fixeron a iniciativa do propio concello. En xullo de 2023, están en vigor 175 convenios (66 son adhesións ao convenio da FEGAMP).

En marzo de 2023 o goberno central aproba a Real Decreto-Lei 2/2023 do 16 de marzo (BOE nº 65 de 17/03/2023) de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións. No mesmo, na disposición quincuaxésima segunda, fai referencia á inclusión no sistema de Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas externas incluídas en programas de formación. Concretamente, o punto 1 apartado a de esta disposición, establece que esta lexislación comprende: "as realizadas por alumnos universitarios tanto as dirixidas á obtención de titulacións oficiais de Grao e Máster como as dirixidas á obtención dun título propio da universidade". No RDL indícase que esta medida entra en vigor a partir do 1 de outubro de 2023.

En xuño apróbase a Real Decreto-lei 5/2023 do 28 de xuño polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína, de apoio á reconstrución da Illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade; de transposición de Directiva da Unión Europea en materia de modificacións estruturais de sociedades mercantís e de conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores; e de execución e cumprimento do Dereito da Unión Europea. Neste RDL atrásase a entrada en vigor da medida de alta do alumnado na Seguridade Social ao 1 de xaneiro de 2024. No suposto de práctica remuneradas, o Real 11 Decreto-lei 2/2023 establece que o cumprimento das obrigacións da Seguridade Social corresponderá á entidade ou organismo que financie o programa de formación, que asumirá para estes efectos a condición de empresario. Con todo no suposto de prácticas non remuneradas o cumprimento das obrigacións de Seguridade Social corresponderá á empresa, institución ou entidade na que se desenvolven as prácticas, agás que no convenio ou acordo de cooperación que se subscriba para a súa realización dispóñase que estas obrigacións corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa.

No mes de maio de 2023, co inicio dos contactos cos centros para a organización das prácticas do curso 23-24 solicitando a oferta de prazas de prácticas ás entidades colaboradoras, atopámonos coa reticencia de moitas entidades para ofertar prazas de prácticas mentres non estivese claro o proceso e prazos do desenvolvemento desta nova normativa. Ante este problema, o 12 de xuño de 2023, o Xerente da Fundación Santiago Apóstolo de Ciencias Sociais firma un certificado nos seguintes termos: "*Que esta entidade, como titular de la Escuela Universitaria de Trabajo Social, centro adscrito a la Universidad de Santiago de Compostela, en el caso de que finalmente hubiese que incluir en el sistema de Seguridad Social a los alumnos de esta Escuela que realicen prácticas formativas o prácticas académicas externas incluidas en programas de formación, se compromete a realizar los trámites administrativos necesarios para incluir dichos alumnos en el sistema de la Seguridad Social y a asumir el coste de la cotización que de ello se derive.*" Este documento remítese ás entidades colaboradoras que así o solicitaron, ou que tiñan dúbidas sobre se poderían ou non ofertar prazas de prácticas.

Grao en Traballo Social

O desenvolvemento da normativa que regulará a alta do alumnado e a xestión dos convenios ao abeiro da nova lexislación, producirase ao longo do vindeiro curso 2023-2024

Axudas ao alumnado de carácter ordinario:

Axudas ao estudo: A *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales*, entidade xurídica da EUTS, convoca anualmente estas bolsas de apoio ó estudio (mes de novembro), concibidas como axudas ó coste de matrícula do centro (equivalentes a dúas cotas), sen que repercutan nas contías por prezos públicos e sen que podan ser destinadas a ningunha outra finalidade. Pode solicitar esta axuda calquera alumno/a matriculado/a na EUTS. No curso 2022-23 concedéronse 12 axudas.

Axudas ao alumnado participante en programas de mobilidade. O alumnado da EUTS que participa nalgún dos programas de mobilidade, pode solicitar esta axuda que exime do abono de dúas das cotas que lle correspondan pola matrícula de curso completo. Esta axuda concédese no 100% dos casos (No curso 2022-23 concedéronse a tres alumnos/as SICUE e a unha alumna ERASMUS).

Bolsa de apoio para atención da aula de informática. Convócase ao comezo de cada cuadrimestre, con unha dedicación compartida de 30 horas semanais.

Grao en Traballo Social

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Taxa de rendemento (%)

A taxa de rendemento aporta información sobre a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios nos que se matricularon.

A taxa de rendemento no curso 2022-2023 é inferior aos dous cursos académicos inmediatamente anteriores, sinalar que nos dous cursos, 2019-2020 e 2020-2021, se adoptaron medidas nos centros educativos pola pandemia do Covid-19. Sen embargo, no último curso 2022-2023, obxecto de análise, o valor da taxa de rendemento é superior aos cursos 2017-2018 e 2018-2019, cursos académicos anteriores á situación de pandemia.

Taxa de rendemento (IN34G)	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
EUTS	86,33	86,74	94,40	95,49	89,47	86,98

.O dato obtido para a taxa de rendemento é superior en 10 puntos respecto á media da área de coñecemento (79,9%), e de 6 puntos en relación á media da USC (80,29%).

Taxa de éxito (%)

A taxa de éxito aporta información sobre a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron.

No curso académico 2022-2023 a taxa de éxito, ao igual que acontece coa taxa de rendemento, é inferior á do curso inmediatamente anteriores.. Non obstante, a taxa de éxito para o último curso obxecto de análise, é similar aos tres cursos académicos inmediatamente anteriores á pandemia, dado que nos curso afectados pola situación de pandemia a metodoloxía de avaliación foi diferente e supuxo un significativo incremento nesta taxa.

Taxa de éxito (IN35G)	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
EUTS	90,49	91,14	97,23	97,59	93,11	90,28

Grao en Traballo Social

A media total do valor porcentual da taxa de éxito no curso que se está a analizar é de 93,30 sendo inferior a esta media o dato obtido para o curso 2022-2023 que foi de 90,28, con valores similares a os dous cursos anteriores á pandemia por covid 19.

O valor obtido para a media da taxa de éxito é superior en 3,5 puntos sobre a media da área de coñecemento (86,93%) e 2,5 puntos a media da USC (87,67%)

Taxa de avaliación (%)

Se entende por taxa de avaliación, a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados.

No curso académico 2022-2023 o valor desta taxa é de 96.34, un pouco máis alta que a taxa do curso académico anterior, e baixa ao respecto de 2019-2020 e 2020-2021 cursos con docencia baixo medidas excepcionais polo contexto da pandemia da Covid-19 (-0,75 punto e -1,51 puntos respectivamente). A taxa de avaliación é un pouco máis elevada no curso obxecto desta análise (2021-2022) que nos tres cursos anteriores a situación de pandemia, 2016-2017, 2017-2018 e 2018-2019.

Taxa de avaliación IN36G	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
EUTS	95,40	95,17	97,09	97,85	96.09	96,34

A media do centro para a taxa de avaliación é superior en algo máis de 5 puntos en puntos sobre a media da área de coñecemento (90,98%) e de case 6 puntos sobre a media da USC (91,58%)

Grao en Traballo Social

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Taxa de ocupación (%).

Segundo os datos do indicador IN12G da ACEMP da USC

Taxa ocupación IN12G	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
EUTS	103,75	107,50	98,75	101,25	102,50	103,75

O número de prazas ofertadas polo centro é de 80 dende o curso 2015-2016. No que respecta á taxa de ocupación media deste período, foi do 102,91%. É certo que para o curso 2019-2020 o índice de ocupación non alcanzou o 100,00%, por pouco, o que lastra o valor medio deste indicador. De feito, dos seis cursos analizados, tres cursos superaron esa media. Polo tanto, o habitual no centro é superar o número de prazas ofertadas, o que se traduce nunha consolidación da cobertura total das prazas ofertadas para esta titulación.

Alumnado preinscrito en 1ª opción matriculado por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%).

Para esta análise utilizouse o indicador IN10C, remitido pola ACEMP da USC, que relaciona o número de alumnos e alumnas que se matriculan na titulación de primeira opción matriculados por primeira vez e o total de prazas ofertadas.

Alumnado preinscrito 1ª opción IN10G	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
EUTS	67,50	70,00	62,50	51,25	57,50	67,50

Para o período analizado, a porcentaxe media deste indicador é do 62,70%. Desde o curso 2017-2018 ata o curso 2018-2019, as cifras foron expresando unha tendencia ascendente para, a partir do 2019-2020, voltar aos valores en sentido contrario, aínda que no curso 2021-2022 prodúcese unha repunta, que se consolida no curso 2022-2023 con un incremento de 10 puntos ata acadar o valro de 67,50, o que supón 5 puntos por encima da media do período analizado.

Grao en Traballo Social

Preferencias en canto a solicitude e matrícula nesta titulación (2502230 INF.CIUG 2020-2021).

Opción	Curso 2019-20		Curso 2020-2021		Curso 2021-2022		Curso 2022-2023	
	% Solicitude	% Matrícula	% Solicitude	% Matrícula	% Solicitude	% Matrícula	% Solicitude	% Matrícula
Primeira	22,3	63,3	18,9	50,0	20,1	56,1	24,2	65,1
Segunda	16,3	7,6	17,6	24,4	15,9	15,9	18,0	16,9
Terceira	23,9	20,3	18,7	8,5	22,6	15,9	17,5	8,4
Cuarta	19,3	5,1	18,4	8,5	19,1	8,5	19,1	8,4
Quinta	12,0	1,3	14,3	4,9	11,7	2,4	12,0	1,2
Sexta	4,0	2,5	6,4	1,2	4,9	1,2	4,6	-
Outras	2,3	-	5,6	1,2	1,45	-	4,3	-

Outra ferramenta útil para identificar as preferencias dos estudantes respecto da titulación é a información facilitada pola propia Comisión Interuniversitaria Galega, que se corresponde coa táboa anterior. Pódese comprobar que a metade ou máis da metade das persoas que se matricularon no primeiro curso do centro fixérono, sendo esta a súa primeira opción (65,1%). Se a isto lle sumamos aquelas persoas que o consideraron unha das súas dúas primeiras opcións, as porcentaxes do curso anterior achégase case ás tres cuartas partes da matrícula (72%), máis no curso 2022-2023 acada o valor do 82%,. Polo tanto, pódese concluír que a maioría das persoas matriculadas no primeiro curso puideron ver satisfeitas as súas expectativas na elección da titulación académica a cursar.

Taxa de graduación (%).

Para a análise da taxa de graduación utilizouse o indicador IN37CG, enviado pola ACEMP da USC.

Taxa graduación IN37CG	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
EUTS	76,09	80,65	72,34	62,32	71,21	77,46

A taxa de graduación é a porcentaxe do alumnado que rematou os seus estudos no prazo especificado no plan de estudos. O valor medio deste indicador para o período analizado é do 73,34%, o que pon de manifesto que un amplo sector do alumnado matriculado no centro fixo un correcto uso dos seus estudos realizándoos de forma oportuna.. Esta taxa para o curso obxecto de análise é de 6,25 puntos superior ao curso anterior.

A taxa de graduación do grao é superior en 13 puntos sobre a media da área de coñecemento (64,28%) e de 16 puntos sobre a media da USC (61,27%)

Duración media dos estudos.

Para a análise da duración media utilizouse o indicador IN38CG, enviado pola ACEMP da USC.

Duración media estudos IN18CG	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
EUTS	4,17	4,35	4,26	4,18	4,20	4,16

Algo máis de 4 anos é o que tarda aproximadamente o estudante da EUTS en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos. Isto demostra o grao de eficiencia dos estudantes e da institución en relación coa actividade académica. Polo tanto, para o período analizado, os 4 anos de grao alcanzan unha media de 4,27 anos, o que dá boa conta da efectividade mencionada.

Grao en Traballo Social

A duración media dos estudos é de 4,16, moi preto do período de anos establecido para completar estudos que é de 4. Fronte a isto a media para a área de coñecemento é de 4,55 anos, e a media de duración para a USC é de 4,75.

Taxa de eficiencia ou rendemento dos titulados (%).

Para a análise da taxa de eficiencia utilizouse o indicador IN53CG, enviado pola ACEMP da USC.

Taxe eficiencia ou rendemento titulados IN53CG	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
EUTS	94,27	93,85	93,08	96,13	96,82	97,78

Esta taxa indica a porcentaxe de créditos superados polo estudante ao longo da titulación na que se graduou e o número total de créditos cursados. En ningún dos últimos seis cursos este indicador estivo por debaixo do 93%, o que tamén axuda a explicar a existencia dunha boa relación entre o número de cursos a realizar para obter o título de grao e os anos necesarios para obtelo. Supera en algo máis de 1 punto a taxa do curso anterior.

Taxa de abandono durante o primeiro curso (%).

Para a análise da taxa durante o primeiro curso utilizouse o indicador IN40CG, enviado pola ACEMP da USC.

Taxa abandono durante o 1º curso IN40CG	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
EUTS	17,02	27,54	13,64	15,49	7,58	5,00

A porcentaxe de estudantes que se matricularon por primeira vez na titulación e que abandonaron no curso seguinte alcanzou unha media de 14,37 para o tempo de estudo. Nos dous últimos curso hai un significativo descenso nesta taxa, sendo a máis baixa a do curso obxecto de análise que acada o valor de 5, o que supón -2,58 puntos en relación ao curso inmediatamente anterior.

A taxa de abandono tanto para a área de coñecemento (15,85%) como para a USC (15,05%) triplica á obtida para o grado.

Taxa de abandono RD 1393/2007 (%).

Para a análise da taxa de abandono do RD 1393/2007 utilizouse o indicador IN41G, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de abandono IN41G	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
EUTS	21,74	9,68	21,28	31,88	22,73	18,31

A taxa de abandono RD 1393/2007 relaciona na porcentaxe a cohorte de estudantes de novo ingreso que deberon obter o título nun ano académico anterior e que non se matricularon nese curso académico nin no anterior. Obsérvase un descenso nesta taxa, con un valor de -4,52 en relación ao curso anterior, e de -13,57 con respecto aos dous cursos anteriores.

Esta taxa tamén é inferior á obtida para a media da área de coñecemento (19,88%) e para a media da USC (20,63%), en 1,5 e 2,3 puntos respectivamente.

Grao en Traballo Social

Taxa de éxito (%).

Para a análise da taxa de éxito utilizouse o indicador IN35CG, enviado pola ACEMP da USC.

Taxa de éxito IN35CG	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
EUTS	90,49	91,14	97,23	97,59	93,11	90,28

A taxa de éxito superou o 90% en todos e cada un dos cursos analizados. De feito, a tendencia foi aumentando ao longo dos últimos cursos, chegando ao 97,59% no curso 202-2021, se ben é certo que no último produciuse unha baixa en relación ao curso anterior de 2,83 puntos. A taxa media de éxito para o período foi de 93,30%, o que supón que se superaron 9 dos 10 créditos ordinarios nos que se matriculou o alumnado. Polo tanto, a partir da avaliación deste indicador só pode ser positiva.

O valor obtido para a media da taxa de éxito é superior en 3,5 puntos sobre a media da área de coñecemento (86,93%) e 2,5 puntos a media da USC (87,67%)

Taxa de éxito dos titulados (%).

Para a análise da taxa de éxito utilizouse o indicador IN50CG, enviado pola ACEMP da USC.

Taxa éxito dos titulados IN50CG	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
EUTS	94,27	93,85	93,08	96,51	97,36	98,28

Desde 2017-2018 ata o ano pasado, a taxa media de éxito dos titulados foi do 95,50%. Este índice relaciona o número total de créditos que o estudante superou ao longo da titulación na que se graduou e o número total de créditos nos que se matriculou. En boa lóxica, os valores deben superar o 90%, algo que se consegue con creces neste centro, mesmo achegándose a 100,00% valores moi altos nos dous últimos cursos, 97,36 e 98,28, sendo esta última a máis alta do período.

Taxa de idoneidade na graduación (%).

Para a análise da taxa de éxito utilizouse o indicador IN51CG, enviado pola ACEMP da USC.

Taxa de idoneidade na graduación IN51CG	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
EUTS	69,57	67,74	53,19	52,17	69,01	74,24

A taxa de idoneidade na graduación é a porcentaxe de estudantes que remataron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos. A media do período analizado foi do 64,32%; unha media que se superou satisfactoriamente todos os anos, agás naqueles nos que tivo incidencia directa as restricións vinculadas á pandemia. A importancia deste indicador vén dada porque sinala o grao de eficiencia do alumnado e da institución en relación coa súa actividade académica, que se pode cualificar de destacable. A taxa para o curso obxecto de análise é a máis alta do período, e supera en 5,23 puntos á do curso anterior

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Grao en Traballo Social

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A análise que se presenta neste apartado baséase nos informes e indicadores remitidos pola ACEMP da USC, correspondentes ao período analizado, que abarca desde 2016-17, ata o último curso que é, á súa vez, obxecto de análise, 2021-2022. Cómpre aclarar que non se reflicten algúns datos do curso 2019-20, xa que nas enquisas de satisfacción non se valoraron algúns aspectos que se tiñan en conta en anos anteriores, dado o especial contexto provocado pola pandemia de Covid-19.

As avaliacións poden ter unha valoración máxima de 5. Tendo en conta isto, os datos referidos á satisfacción dos grupos de interese veñen reflectindo valores moi satisfactorios nos últimos 6 cursos académicos.

SATISFACCIÓN CO PERSOAL ACADÉMICO.

Satisfacción do alumnado coa ensinanza recibida.

A análise da satisfacción do alumnado coa docencia recibida realízase a partir do Indicador IN46G.

Media de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
EUTS	4,19	4,15	4,27	4,04	3,93	4,16

A media global de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no período analizado é de 4,12

Respecto ao curso 2022-23, os datos recóllense no informe 2502230 INF 13 1S. A satisfacción media do alumnado coa docencia recibida é de 4,16, o que supón un lixeiro incremento en relación ao curso anterior, retornando a valores superiores 4. O valor acadado para esta taxa é lixeiramente superior ao valor medio tanto da Área de Coñecemento (4,05) como da USC que é 4,08.

Neste último curso analizado cómpre destacar como aspectos máis valorados os seguintes: a explicación docente da programación da materia e os criterios de avaliación; o grao de cumprimento do programa e o plan de traballo; e os contidos sexas explicados segundo o establecido na programación temporal.

Aspectos máis valorados polo alumnado en relación coa docencia recibida, curso 2022-23.

O/a docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?	4,41
Cumple co programa e o plan de traballo previsto?	4,42
O alumnado sabe de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos?	4,28
Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia?	4,34
